



Unha vella dixo a i-outra
polo burato da porta:
“ti governa a túa vida,
a miña nada ch’importa”.

/:Vámonos d’aquí que é i-hora:/
o carriño das estrelas
por riba da casa nova.

Dios llo paghe miña nai
por facerme costureira,
vén a i-augha e non me molla,
vén o sol e non me queima.

Costureiriña garrida,
a túa aghulla picoume
non podó ghana-la vida.

Miña nai, o pote ferve,
a vosa filla non vén,
ela ponse bonitiña,
alghún enrediño tén.

O canteiro de Pontevedra
pica na pedra miúda
/:pica na muller allea:/
outos lle pican na súa.
Ai ai lere le...

Carpinteiros e canteiros
son un fato ladróns,
carpinteiros rouban nenas
e canteiros corasóns.